

Cando a cultura volve á trincheira

Atopándonos entre o eu e o nós

Autoreferencialidade literaria, voces poéticas últimas, formatos de edición inhabituais e o peso da nación centraron os días 20 e 21 de novembro as mesas do IV Encontro de Escritores Novos. A ansiedade ou non da influencia, as voces que apenas acadaron o formato libro, os diferentes soportes onde situamos hoxe a creación ou a minorización cultural foron motivos para o debate nun tempo asediado. No remate, poesía, música e videocreación camiñaron acompañadamente amosando a súa potencialidade como espectáculo. // *Mario Regueira*

Muitas das xuntanzas literarias dos últimos anos estiveron desenvolvendo en pazos, mosteiros ou castelos, ambientes, se cadría, pouco simbólicos na maior parte das ocasións. Porén, por este ano, a situación escolida pola Asociación de Escritores en Lingua Galega pareceu encaixar metaforicamente coas condicións extraliterarias que atopou o IV Encontro de Escritores Novos. O castelo de Santa Cruz, na vila coruñesa de Oleiros, sitúase sobre un illote que durante anos só foi accesible por barca, aínda que hoxe unha pasarela de madeira o manteña unido á terra firme. A súa situación estratéxica, coa cidade herculina xusto na súa fronte, debeu ser especialmente importante en tempos convulsos, e neles debeu destacar tamén a súa privilexiada función de baluarte defensivo. E se ben neste ano non puideron ver catapultas nas immediáns, arqueiros nas ameas ou barcos piratas na baía da Coruña, a ningunha se lle ocultaba que dentro do castelo acontecía un acto defensivo e se resistía un asedio feroz. Cunha sorte similar á corrida polo Festival de Poesía do Condado, ou o Cultural (hoxe AchechArte), os encontros de novos escritores da AELG perderon o apoio institucional dun goberno empeñado en non deixar medrar a herba aló onde pisan os seus cabalos. Para as persoas que durante anos predicamos a quen quixo escotitar que a loita cultural non pode resumir toda a lotta política, resulta especialmente duro reconecer o estado de involución acadado, no que un congreso, un festival ou unha feira comercial volven ser, como nos minervais

anos 50, un acto profundamente político non exento da súa dose de valentía. Serfamos inxustos se non reconécemos, por tanto, o valor da AELG ao cumplir promesas feitas en tempos máis doados e a profesionalidade demostrada na propia configuración duns Encuentros comprometidos coa continuidade e atención ás novas voces da literatura. Tamén hai que destacar, porque poucas veces se fai, os esforzos por superar a perspectiva xerárquica e o sectorismo asociativo, en prol dunha concepción ampla do feito literario nacional. Bo exemplo disto é que o Encontro estivese aberto, un ano máis, a persoas (público e relatores) non asociadas.

A primeira mesa de debate, organizada por Chus Nogueira, versaba sobre un concepto tan multi-interpretábel como o da (auto)referencialidade literaria. Alberto Lema (Vimianzo, 1975) abría cunha reflexión sobre as en vexas confesables e inconfesables cara ás súas coetáneas. O discurso, moi cinguido a *The Anxiety of Influence* de H. Bloom basculou dun xeito agardado entre dous polos como son Freud e o propio crítico norteamericano. A posibilidade de resucitar os traumas épicos na relación entre coetáneos, nunha sorte de nova aplicación cainita, traía vellos fantasmais a un encontro en que o concepto da morte (literaria) do paí xa protagonizara algunas das súas anécdotas más coñecidas e sobrevaloradas. Se cadría por iso as intervencións de Inma López Silva (Compostela, 1978) e Iolanda Zúñiga (Vigo, 1975) pareceron aproximarse por momentos a unha confesión

psicanalítica. A primeira, cunha defensa sen complexos do seu individualismo e o reconocemento da figura do escritor como un ente egocéntrico, alérgico á figura das xeracións que, segundo ela, perden o seu sentido de defensa dos intereses comunes coa aparición das asociacións de escritores. Trufando a súa intervención con declaracións pretensiosamente provocadoras ("Me encanta Belén Esteban"), López Silva acertou ao describir un mundo globalizado no que as autoras xa non están cinguidas a referencias canónicas e unívocas. Unha formulación moi semellante á de Iolanda Zúñiga, que repasou na súa intervención feitos culturais inherentes á súa xeración cronolóxica, entre os que, no persoal: destacou a súa resistencia á literatura academicamente canonizada e a súa extrema sensibilidade a elementos como a publicidade urbana.

A pesar do pouco habitual que resulta atopar autores que falen con esa encorralmable falta de complexos, non deixa de botarse de menos unha referencia máis comprometida co proxecto común que representan as literaturas asediadas. E aínda que resultaría absurdo negar a puxanza do individualismo na realidade literaria, tamén se botou a faltar outra ollada sobre os proxectos comúns e resistentes que posibilitou o mesmo mundo interconectado tan dolidamente recoñecible polas relatores. Ao mesmo tempo, moitos gustamos de pensar que as tensións literarias teñen unha explicación máis sociolóxica que a trazada polos críticos conservadores e os neurólogos vieneses aos que reinterpretan, e que as xeracións

ProTexta

T

Número 12
Outono 09
Director: Luis Alvaréz Pola
Editor: Xunta de Galicia
Editor: Xunta de Comunicacións e Información
de Galicia SA
Presidente: Ana Fernández Puentes
Rúa dos Portóns, 8-2º Melón (Ourense) 32705 Santiago
Tel: 981 57 12 59
<http://temposnovos.net>

Coordinación: Ana Salgado
Edición: Belén Muñoz
Diseño gráfico: Oscar Díez
Maquetación: Andrea López
Xerentes: Fernando de la Torre
Publicidad: delegaciontemposnovos.net (981 57 12 59)
Impresión: Editorial La Capital SL
Depósito legal: E-8187-2006
Sobrestelleras, distribuidoras, quincas e propietarias: protextatemposnovos.net

Traballo e Ideas: Andreu Álvarez Pino, Xiana Arias Rego, Manuel M. Barreiro, Helena de Carlos, Ximena Pérez, Valter P. Díaz-Campos, Bárbara Domínguez Mallo, Leontine Gómez, Ramón S. Martínez, Alfredo Fernández, Ximena de la Huerta, Beatriz González, Fermín García, Emilio González Segura, X. Carlos Rodríguez, María Lado, María Utrera, Chella Llojo, Ana Lluna, María López Suárez, Isaac Louredo, Iago Martínez, Oriana Méndez Buenos, Silvia Montero, Marta Pawley, Montse Vena Precas, Marcos Prokofieva, María Pérez Pereiro, Mario Rodríguez, Lalo Vázquez, Imanol Daniel Salgado, Samuel Solleiro, Isabel Soto, Javíer Turner, Raquel del Pino, XCG.


Se de errores no número 11 de ProTexta a critica "Lectura da sombra", correspondente a Libro de Alfonso de Olalla Cuchía, deberá estar asinada por Teresa Sáraiva.

ProTexta distribúese conxuntamente coa revista TEMPOS Novos e os xornais El Ideal Gallego, Diario de Ferrol, Diario de Arousa e Diario de Bergantiños.
Os números anteriores pódense descargar de balde en www.temposdigital.com

dos últimos anos se caracterizaron, a pesar de todo, por proxectos colaborativos antixeráquicos nos que brillou, por regra xeral, o recoñecemento e o respecto da diversidade como un valor e a negación da xenialidade inherente ao modelo do creador individual convencional.

A segunda mesa do día, organizada por Elvira Riveiro, caracterizouse, como o ano anterior, pola importancia dada a voces que ocupan (aínda) posiciones de marxinalidade. A xuventude das participantes, xunto coas condicións en que publicaron a súa (aínda) escasa obra foron dous dos elos comúns que marcaron o seu desenvolvemento. Entre algúns outros poderíase destacar tamén a súa proximidade persoal e o feito de provir todos do mesmo contorno, a Facultade de Filoloxía de Compostela. É frecuente, nas preguntas a escritoras mozas, percibir un certo estado prediscursivo. Moitas das persoas que comenzan a escribir caracterízanse por unha defensa da espontaneidade do feito e presentan dificultades á hora de elaborar un discurso sobre a creación literaria. Cousas semellantes puideron parecer na intervención de Andrea Núñez (Marín, 1984), que a pesar de todo conseguiu deixar suficientemente clara a súa concepción da escritura como o labor dunha corredora de fondo en solitario, e tamén a súa apostila polas literaturas subversivas ante un "sistema literario" que agarda submisión por parte das autoras. Nun posicionamento político semellante situouse Gonzalo Hermo (Rianxo, 1987), que porén reconhecia a existencia das xeracóns, destacando o seu aspecto social e deténdose tamén no trazado dunha cartografía das escritas que sentía próximas. Ao mesmo tempo, e cunha análise moi traballada que referenda xa unha certa experiencia no campo da crítica, falaba dunha evolución posibel da poesía galega desde os noventa até os nosos días. Con moitas semellanzas con este discurso, áinda que cunha perspectiva máis persoal, Alicia Fernández (Escairón, 1987) facía un succinto repaso á multitud de autoras que a tiñan influído, mentres situava a súa poesía nas proximidades dalgunha das liñas da autora feminina dos noventa. Se cadría a extrema proximidade persoal das tres relatoras propiciou o ton de frescura e distensión que caracterizou esta mesa, áinda que ao mesmo tempo puidó ser a causa de que non existise algo máis de debate e discordancias, ao presentar vislóbns en boa medida coincidentes e mesmo cómplices.

A mañá do sábado iniciou coa mesa sobre edición presentada por Antía Otero e que recoleu tres vislóbns absolutamente dispares, nas que cabe destacar moi especialmente a intervención de Baldo Ramos (Celanova, 1971), cunha brillante e poética reflexión sobre o papel do pintor/escritor e o significado da caligrafía como arte ancestral. Ao mesmo tempo Ramos, que está desenvolvendo un interesante aínda que non moi coñecido labor de autoedición artística, repasou a súa propia producción desde os comezos na mocidade até as salas de exposición que acollerán algunas das súas obras. Carlos Vinagre (Porto, 1988) falou da súa experiencia na autoedición en terras portuguesas, así como en relación ao proxecto colectivo Incomunicade, unha intervención que se cadría perdeu a oportunidade de abordar a dimensión colaborativa galego-portuguesa, en xeral bastante ausente dos Encontros. Uqui Permuí (Barrallobre, 1964) repasou, pola súa banda, os tres



Deshabitada espera, 2005 // Baldomero Ramos

anos do Proyecto Edición. A absoluta distancia dos tres nun tema tan amplio non permitiu demasiadas interacciones dentro da propia mesa, á parte das coincidencias nalgúns problemas de visibilidaxe e distribución. A pesar do especial interese que suscitaron as relatoras, ficamos, pola nosa parte, coa sensación de que seguía pendente a abordaxealgúns dos problemas anexos más actuais, como o papel dos derechos do autor no mundo contemporáneo ou o futuro do libro electrónico e a literatura na rede, por exemplo, que seguirían agardando momentos máis propicios.

Os Encontros fechaban os seus debates coa mesma dirixida por Francisco Castro, que dende unha perspectiva que sorprende a propios e estráns preguntaba polo "peso da nación" a tres voces dos noventa tan diferentes como Estibaliz Espinosa (A Coruña, 1974), María Lado (Cee, 1979) e Séchu Sende (Padrón, 1972). Coin-

cidian as dúas primeiras nunha consideración á parte da escrita "comprometida", que en xeral tendera a producir cansazo nas novas xeracóns. Aínda assumindo unha perspectiva política básica, centrada na cuestión lingüística e mesmo entendendo que tal perspectiva se revitalizaría en momentos de ataque lingüístico tan marcado, ambas as dúas tenderon a darle unha importancia relativa. María Lado, en concreto, aludió á necesidade de renovar o discurso do compromiso cara a formas novas, que superasen demasiados anos de cansazo panfletario. Séchu Sende, pola súa banda, quixo centrar o discurso na forza dos creadores para construir realidades coas palabras, incluída a nación e a nacionalidade, que como constructos sociais precisarian de mantedores. Nese sentido, o discurso de Séchu remata na necesidade de facer unha fronte común e de asumir pola vía da afectividade ás persoas que se achegaron á lingua, especialmente os neofalantes, áinda que

non esquece a nada desprezable forza social do reintegracionismo, que ao seu xuízo tamén non pode quedar sen o seu lugar nas barricadas.

En xeral, e áinda que nunca están todas as que son e dous días non chegan para xulzos profundos, o balance das nosas defensas só pode lanzar un saldo positivo. Unha vez máis resistiremos o asedio dos castelos.

Canto á visión que podo dar do recital do sábado 21 de novembro, esta xorde da propria idea inicial do espectáculo. É complicado xulgá unha intervención en que se participou como executante. O problema non é de obxectividade, senón de perspectiva. Perdida a posición do espectador, fica a de quien experimentou os preparativos e espiou detrás do pane segundos antes de comezar, e a de quem baremou positivamente, coa magnanimidade coa que se xulgan sempre os aplausos. A idea de mesturar poesía e música electrónica non é nova, nin sequera neste país, porén si que ten un certo aire inédito o feito de concibír a unión como un espectáculo en directo, co grupo traballando sobre unhas bases feitas ex profeso para os poemas e cun espectáculo visual complementario e igualmente inspirado nestes. A concepción do evento, tramada por Antía Otero, contemplaba un traballo conxunto que ia além do feito, demasiado habitual, de reunir música e poesía sen fomentar o seu coñecemento mutuo. A experiencia, que incluyu ensaios e conversas sobre o significado dos poemas, o acompañamento da música e a oportunidade de determinadas imaxes, figurou nova para quem está afeto a recitar sen medios e sen noción de espectáculo, e quizérase tamén que non fose excepcional, e que puidese marcar un cambio de tendencia no xeito de concibir a poesía como evento.



Iolanda Zúñiga, Inma López Silva, Chus Nogueira e Alberto Lema na mesa inicial do Congreso // AELG